

ASEMBLEA en COMÚN EXTRAORDINARIA

Data: xoves 4 de agosto

Hora: 19h30

Lugar: Espazo en Común (As burgas, 8)

Obxectivo: monográfica posterior ao acta celebrado o pasado sábado 30 de xullo en Vigo: A Marea Constituínte, para impulsar unha iniciativa política que represente a vontade de mudanza nas próximas eleccións galegas. Na xornada, presentáronse textos de consenso para os Principios básicos, o modelo de Primarias, o Código Ético dos cargos electos, a Forma de Goberno que se aplicará nas institucións e a Organización Interna do espazo de confluencia. Estes documentos están dispoñibles para a súa consulta: <http://mareaconstituente.gal/asi-sera-a-marea-constituente/>

Ábrese quenda de palabras para falar do acontecido esoutro día na asemblea de vigo (omítense nomes e iniciais das persoas que interveñen):

- Valoración positiva; falta moito por traballar; hai críticas (profundizarse máis tarde);
- Fóra dos principios básicos non concorda con nada do alí acontecido; fumos só a erguer a man; non houbo voz, palabra,...viva el pastoreo !; só se foi a votar;
- O acto non foi un acto político; había boa intención por parte dos organizadores; foi un erro, precisábase máis debate (construción colectiva); foi un primeiro chanzo no proceso; está todo por facer; hai disposición para construír.
- Sorpréndelle opinións ata agora verquidas; defensa do proceso de construción de documentos; houbo solicitude de crear grupo de traballo de mareas en común; non houbo aprobación por parte da asemblea; houbo un proceso aberto dentro da elaboración de documentos en mareas en común; explícase proceso de elaboración; defensa do proceso seguido na asemblea de vigo; doutro xeito sería inoperativo; puidose falar na asemblea, houbo palabras, quen non quixo participar foi porque non quixo; todos os grupos tiveron a súa voz; houbo referendo de tódolos documentos; púxose a funcionar uns comités;
- Fai un resumo do período previo á asemblea (en marea, mareas en común,...); houbo un erro de comunicación na asemblea de vigo; había boa fe? visualizáronse competencias; problemática de atoparnos no mes de agosto nesta situación; esquizofrenia intelectual da esquerda (u-los problemas da rúa?); non había oportunidade de falar, debater,...; manobra de formación políticas?; proceso aberto vs. proceso acotado; desilusionado ao ata aquí acontecido; non atopa ilusión;
- Valoración moderadamente positiva; erro metodolóxico no acto?; positivo: todo o mundo tiña vontade de sumar; vontade de crear confluencia real; agora toca comezar a traballar.

- Expón dúbida sobre proceso de primarias
- Non foi acto político xa que non houbo dialéctica, debate,...; había boa vontade por parte de toda a xente; había que buscar a fraternidade; foi un paso impresionante (mágoa dos prazos curtos); dicotomía sobre o que vemos e no que non vemos (rumoroloxía)
- Seguimos en proceso, seguimos na superficie, esperanza de chegar ao destino; na asemblea houbo postura de confrontación, houbo debate,...(mellorable? si; imposibilidade temporal de ampliar debate? si); foi un avance en relación con en marea; chamamento a que máis xente participe nestas asembleas, coordinadoras, ... ; chamouse moitas veces á participación da asemblea de ouec; iniciouse a proceso de primarias, móntense candidaturas !
- Inaceptable o discurso "quen non participou foi por que non quixo"; operatividade? eufemismo de hai que poñer as cousas en orde (baixo o control); presentar candidaturas? non á competitividade !; ninguén é imprescindible, defensa do traballo coral ao que non se nos está convidando.
- Paralelismos co escenario de en marea; confianza nas persoas, desilusión no proceso (avais no proceso de primarias, por exemplo);
- Moita ilusión no comezo de ouec; crítica á falta de transparencia das asembleas de ouec; estensíbel a asemblea de en marea de vigo;
- Sensación de ilusión ao inicio; necesidade de cambiar dinámicas previas; demasiadas présas; control de partidos políticos galegos (últimos meses/en marea); vólvese ao argumento de: non hai tempo (é intencionado este argumento?); por que teñen que dominar o proceso tres partidos políticos cando hai varias mareas implicadas?; que pasará nunhas hipotéticas eleccións en decembro?;
- Todos sabemos quen apura os prazos? e por que?; defensa do proceso de mareas en común, aberta á participación,...; críticas ao proceso de en marea; desacordo co tema dos avais; tema candidaturas: quen nolas vai impoñer? dificultade de facelo; hai primarias abertas onde pode participar toda a xente; prazos: buscar equilibrio entre o que se pode facer e o que non;
- Reitera sensación de que non se abriu todo o que debería : fracaso?; asembleas vs. xaula de grilos;
- Eleccións vai ser tutelado por partidos políticos? vai haber algún filtro a posteriori nas primarias?
- Explica proceso primarias; estende explicación a proceso actual de coordinadora (houbo xuntanza onte): tema finanzas, organización campaña, solicitude de voluntarios, nomeamento responsable campaña, profesionalización da campaña, presentación proxecto da campaña,
- Preguntas sobre o punto anterior; propón que os cargos políticos non sexan remunerados (coordinadores de campaña ¿?) / si ao traballo remunerado da xente de abaixo
- Comentario sobre profesionalización da campaña
- Remitirase proposta de colaboración para campaña en ouec (rolda?)
- Non se deberían trasladar peticións de ouec; é electa en asemblea de vigo

- Problemática das situacións susceptibles de xerar conflito; pregunta sobre problemática "podemos"
- Hai varios turnos de palabra falando/criticando/facendo suxestións/preguntas sobre o espazo por unha compañeira participante activa EM e membro da coordinadora provisional
- Pregunta sobre tema de "todos sabemos quen apura os prazos? e por que?"
- Petición de votación...cando ouec detecte voto en bloque/avais de grupo, vai solicitar anulación de primarias? solicita votación da asemblea.
- Participación individual vs. ouec (**nota do redactor: aquí despisteime un pouco; desculpas*)
- Crítica ao control dos partidos políticos do proceso
- Retoma debate sobre profesionalización da campaña; fai un comentario sobre o proceso de primarias (lectura de artigo);
- Fala sobre orixes de ouec: participación directa, empoderamento da veciñanza, non o estamos a conquistar todavía. proceso lento; ... estámonos esquecendo do programa; validez dos documentos aprobados esoutro día a pesares de que non nos gustan a ningún; loubanza do traballo de balde da xente; carestía de xente en diferentes grupo de traballo ao longo do proceso; ouec non é quen de oporse a primarias de en marea (participación individual);
- Tema primarias exposto por un compañeiro: protocolo toma de decisións;
- Tema primarias ouec vs. primarias en marea; falta de autocrítica dentro de ouec;
- Adiante co proceso; hai moito que mellorar
- Necesidade de regresar ás orixes de ouec; necesidade de traballar vs. necesidade de aportar;
- Propón inclusión de moción de "vote en bloque de primarias" en vindeira asemblea
- Asemblearismo vs. xestión (xestión política = asemblea de en marea do sábado);
- Reflexións varias sobre el "jerusalem celeste"; tema financiamento de ouec a en marea;
- Participación individual ou colectiva de ouec no proceso de en marea;
- Primarias vs. competencia, listas de consenso ¿?;